

# BITELCHÚS, BITELCHÚS

Tim Burton, 2024

# 1372

ESTREA EN NUMAX: 13.09.2024 | V.O.S.E. e V.E. | +12 | 104 min

Volve Bitelchús! Despois dunha traxedia familiar inesperada, tres xeracións da familia Deetz regresan ao seu fogar na pena cidade de Winter River. A vida de Lydia, que segue atormentada por Bitelchús, dá un xiro cando Astrid, a súa rebelde filla adolescente, descobre a misteriosa maqueta da cidade no ático e o portal ao Alén abre de forma accidental. Con tantos problemas en ambos mundos, é só cuestión de tempo que alguén diga tres veces o nome de Bitelchús e o demo volva ás andadas para desatar o seu particular caos.

«Unha secuela divertidísima.  
Burton atopa a confianza para  
volver entregar escenas brillantes »

Javier Zurro, eldiario.es



## Unha mestura de xéneros barroca e pop

Por Manu Yáñez

Tim Burton é considerado, con toda xustiza, un dos mestres do cinema gótico. Grazas á súa estética sinistra, filtrada por un tupido veo de ironía, o cineasta de Burbank soubo refrescar o cinema popular das décadas de 1980 e 1990 con títulos míticos como *Eduardo Mans Tesoiras* (1990), as dúas entregas fundacionais da saga fílmica de *Batman* e, por suposto, *Bitelchús* (1988). Pasaron 36 anos desde a estrea daquela comedia de terror que sacudiu o imaxinario de toda unha xeración de mozos cinéfilos, que nos converteríamos en fieis seguidores da enerxía visual de Burton, o brío musical de Danny Elfman e o encanto de Winona Ryder. Co paso do tempo, no seu camiño cara a consagración hollywoodense, Burton foi deixando pinceladas da súa xenialidade (como *Ed Wood*, a súa obra mestra de 1994), pero ao mesmo tempo a súa figura foi derivando na dun autor de remakes como n' *O planeta dos simios* (2001), *Alicia no país das marabillas* (2010) ou *Sombras tenebrosas* (2012); cando non é un empregado da industria (filmou a serie *Wednesday* para Netflix e logo a versión de *Dumbo* de acción real para Disney). Agora, con *Bitelchús Bitelchús*, Burton volve ás súas orixes, pecha un círculo e confirma o seu status como un dos grandes recicladores do cinema americano. De feito, máis que como un cineasta do gótico, a entretida secuela de *Bitelchús* presenta ao autor de *Pesadelo antes de nadal* (1993) como un artesán do barroquismo pop.

Burton foi sempre un cineasta do pastiche. Nos seus primeiros filmes, soubo mesturar o cinema da factoría Hammer co universo do cómico e o imaxinario de Edgar Allan Poe. Agora, despois de catro décadas ao pé do canón, o californiano ten un novo as na manga para aliñar as súas receitas fílmicas: a súa propia obra. Neste sentido, *Bitelchús Bitelchús* non só bebe do filme orixinal – reencontramos os personaxes interpretados por Michael Keaton, Winona Ryder e Catherine O'Hara en circunstancias similares ás de antano – senón que tamén chega trufada de referencias a outros filmes de Burton. O personaxe interpretado por Monica Bellucci – a vingativa exmuller de Bitelchús – é unha especie de recreación dos personaxes de Sally en *Pesadelo antes de Nadal* e Emily n' *A noiva cadáver* (2005), que á súa vez remitían á moza de Frankenstein co seu corpo zurcido con partes doutros. Logo, o personaxe ao que dá vida Willem Dafoe –un policía do inframundo que actúa como se estivese protagonizando unha serie policial– aparece coa metade da cara desfigurada, no que parece unha referencia ao personaxe de Dúas Caras do universo de Batman. E, por último, a morte do pai de Lydia, recréase en *Bitelchús Bitelchús* a través dunha animación stop motion que remite, de novo, a títulos como os xa mencionadas *Pesadelo...* e *A noiva...*

Publicado en fotogramas.es



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Tim Burton,*  
Ian Nathan.  
Libros Cúpula, 2024

*La melancólica muerte del  
chico ostra,*  
Tim Burton  
Anagrama, 2018

*El cuervo y otros textos  
poéticos,*  
Edgar Allan Poe.  
Penguin, 2020